



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NAS ESCOLAS INFANTÍS ANTE A GRIPE A (REDE DE ESCOLAS INFANTÍS DA XUNTA DE GALICIA)

**Este documento pode actualizarse segundo mude a situación
epidemiolóxica**

17/09/2009

Segundo o acordado entre as autoridades sanitarias e educativas, os centros escolares empezarán o curso nas datas fixadas para cada nivel e permanecerán abertos con total normalidade durante o curso. Non obstante serán as autoridades sanitarias competentes, en función da situación epidemiolóxica, as que deberán avaliar un peche puntual dun centro por un período concreto de tempo como consecuencia dun brote de gripe, co obxecto de diminuír a extensión da infección.

Neste sentido todos os/as alumnos/as poderán asistir ao centro educativo agás nos casos nos que se padeza a gripe ou outra enfermidade contaxiosa, que requira tempo de exclusión, ou exista sospeita fundada de estar afectados/as. Esta norma xeral é aplicable igualmente ao persoal tanto educativo como de servizos e aos membros das familias tanto para levar e/ou recoller o/a neno/a como para asistir a calquera actividade ou reunión do centro.

Débese lembrar, que ata o de agora a gripe producida por este novo virus está a comportarse coas mesmas características que as dunha gripe común e produce cadros leves na meirande parte das persoas, polo que non todas as persoas que padecen a enfermidade teñen que consultar co seu médico/a, agás aquelas persoas que teñen factores de risco de ter unha gripe complicada ou amosen signos de agravamento da enfermidade.



1. NORMAS QUE DEBEN SEGUIR AS ESCOLAS INFANTÍS PARA UNHA MELLOR XESTIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DA GRIPE A

1. As escolas infantís deberán arbitrar un sistema de control para informarse diariamente das ausencias significativas de alumnado e de persoal.

Neste sentido, o centro pode levar a cabo entre outras, as seguintes actuacións:

- O persoal educativo responsable de cada grupo determinará a ausencia de alumnado na súa aula e comunicará á persoa responsable do centro.
- O persoal educativo comunicará ao longo da xornada á persoa responsable do centro, a sospeita razoable de casos de alumnos/as coa presenza da infección na aula.
- É importante que a dirección do centro leve un control diario sobre esta información mentres dure a infección por gripe A.

Se o absentismo detectado en calquera momento da xornada é elevado á consideración do equipo educativo, ou ben é superior ao 15% de todo o centro ou ao 20% nunha aula concreta, deberá informarse desta situación ás autoridades sanitarias.

No caso do ciclo 0-3, a ausencia de alumnado non se cingirá estritamente a estas porcentaxes, quedando a consideración do equipo educativo en función das taxas de absentismo habitual nas aulas; nese caso, debe informarse da situación ás autoridades sanitarias.



No suposto de que o centro presentara unha situación de absentismo similar á descrita, a dirección da escola deberá trasladar a información aos teléfonos da sección de epidemioloxía da provincia que lle corresponda e aos teléfonos da Consellería de Traballo e Benestar recollidos no apartado 6.

2. As escolas infantís deberán estar atentas á información que transmitan ás autoridades competentes con respecto aos plans de preparación fronte á pandemia e colaborar con elas de ser o caso. **Para un mellor control e prevención da Gripe A no seu centro, recoméndase:**

- Tomar como referencia a **“Guía para o control da infección de Gripe A nas escolas infantís”** que se xunta como Anexo I a este documento ou consultala na paxina web <http://escolasinfantis.net> .
- O documento difundirase entre o persoal do centro e tamén entre as familias.

Difusión da Guía para o control da infección da gripe A entre o persoal das escolas infantís.

Recoméndase facer unha reunión con todo o persoal tanto educativo como de servizos.

Nesta reunión cómpre analizar o documento e distribuílo entre todas as persoas asistentes.

De acordo coa guía daranse a coñecer os síntomas máis significativos da infección, os mecanismos máis frecuentes de transmisión e analizar e elaborar o protocolo sobre as medidas hixiénicas específicas que deben adoptarse por parte dos/as distintos/as profesionais para reducir a difusión da infección.

Deberase, así mesmo, facer unha valoración sobre a preparación do centro en canto á dotación de material de limpeza, de material de hixiene e sobre a dispoñibilidade dun lugar axeitado para realizar o illamento dunha persoa que empeza a manifestar síntomas durante a xornada e mentres non veñan recollelo/a ou marche, de tratarse dun adulto, así como acordar lugares para instalar as solucións hidroalcohólicas, de ser precisas, sempre fóra do alcance dos nenos e nenas, nos que non se debe empregar.

Unha vez tomados os acordos e elaborado o protocolo coas medidas a adoptar, a dirección da escola



asegurarse de que todo o persoal coñece o plan de actuación ante un posible caso de gripe A.

Difusión das medidas de hixiene contidas na Guía entre as familias

Logo de realizada a reunión cos/oas profesionais do centro e acordadas as medidas concretas a adoptar, recoméndase facer unha reunión coas familias para informalas sobre as medidas adoptadas polo centro en relación coa pandemia e as recomendacións de carácter preventivo que deben adoptar as propias familias tanto nos seus fogares como nas relacións coa escola infantil.

Tamén se lle pode pedir, que se ao seu fillo/a lle diagnostican unha gripe o comuniquen ao centro, se o consideran conveniente. Ademais, pódese lembrarles os factores de risco de ter unha gripe complicada, por se o seu fillo/a se atopa nunha destas situacións.

A información poderá transmitirse tamén mediante circular, insistindo no carácter basicamente leve da enfermidade.

Aproveitarase a comunicación cos pais e nais para pedirles que actualicen os datos de teléfono (fixo e/ou móbil) e correo electrónico, se o consideran preciso.

Divulgación das medidas hixiénicas de carácter preventivo

Como medida de apoio ás actuacións referidas, recoméndase que nos considerados lugares estratéxicos do centro, se instalen carteis gráficos e/ou de texto coas medidas hixiénicas máis necesarias en relación coa infección e o persoal reforce cos nenos e nenas mediante xogos ou do xeito máis axeitado a practica da hixiene de mans e da hixiene respiratoria.



2. ACTUACIÓNS ANTE A APARICIÓ N DUN CASO DE GRIPE A NA ESCOLA INFANTIL

Como norma xeral ante a presenza dun posible caso de Gripe A no centro educativo, deberán seguirse as seguintes pautas de actuación:

- Situar á persoa afectada no lugar axeitado para facer o illamento coa persoa adulta designada para o seu coidado. Esta persoa non se aproximará á persoa afectada a menos dun metro, sempre que esta non precise axuda.

Haberá que ter en conta que pola súa idade non sempre será posible manter esta distancia, e será preciso collelo/a en brazos . Esta operación deberá facerse tomando ao neno ou á nena de xeito que a súa cara quede sobre o ombreiro da persoa coidadora, evitando a respiración directa entre o/a neno/a e nós. Sempre que nos sexa posible, usarase unha máscara, bata e luvas que se eliminarán no colector de lixo antes de abandonar a estancia.

- De ser necesario o contacto, recoméndase que a persoa coidadora use bata desbotable e máscara cirúrxica e non toque a súa propia cara durante o contacto co neno ou nena. As luvas poden ser útiles pero non son esenciais.
- **Avisar ao pai ou nai do pequeno para que veña a recollelo.**
- Se o neno ou nena presenta signos de agravamento da enfermidade (ver o apartado 5), mentres non o recollen avisarase ao **902 400 116**.
- Co fin de minimizar os riscos de contaxio para un e para o resto das persoas do centro, é esencial que os equipos de protección persoal se desboten adecuadamente. Se se utilizaron luvas deben desbotarse primeiro, nun só movemento, a continuación quitar a bata , por último, a máscara evitando tocar a parte frontal da máscara (mediante o uso de cintas). Finalmente, lavar as mans.



- Todos os equipos de protección persoal utilizados deber ser colocados nun cubo con tapadeira , e teñen que ser desbotados nunha bolsa pechada.
- Unha vez libre o espazo de illamento, hai que asegurarse de limpar as superficies con auga morna e deterxente, ventilando adecuadamente para telo de novo dispoñible.
- Os enfermos de gripe (nenos e adultos) deben quedar na casa ata 24 h despois de cesados os síntomas, sempre que pasasen 7 días, agás que o seu/súa médico/a lle indique outra cousa. Sempre que se volva ao centro, mesmo se se volta antes do tempo indicado anteriormente manteranse as medidas de hixiene respiratoria e de mans.

3. MEDIDAS DE LIMPEZA E HIXIENE NAS ESCOLAS INFANTÍS ANTE A GRIPE A

Como norma xeral as escolas infantís deberán continuar aplicando os protocolos de hixiene e limpeza habituais en centros con poboación menor de tres anos. Non obstante debemos facer fincapé nos seguintes aspectos:

Limpeza:

- As aulas, despachos, salas de reunións, comedores, aseos e todas as demais dependencias do edificio ventilaranse diariamente. É conveniente que as fiestras se abran a primeira e a última hora do día, logo de rematar a actividade.
- A limpeza de todos os espazos deberá ser meticulosa
- As superficies de contacto habitual limparanse frecuentemente (interruptores, tiradores das portas, teléfonos, xoguetes, timbres etc.), mobiliario de aula (mesas e cadeiras) e aqueles obxectos de uso común (vaixela, mesados, aseos, manubrios, varandas, equipamento deportivo, xoguetes...) onde o virus pode permanecer de horas a días: por iso é importante limpar máis frecuentemente estas superficies cos produtos de limpeza habituais.



- Os utensilios de cociña lavaranse como é habitual con auga quente e xabón.
- A roupa dos berces e hamacas, cubre colchóns, sabas, edredóns, fundas, así como as toallas, manteis e panos de mesa lavaranse cos deterxentes habituais. A única particularidade neste caso é que non deben sacudirse.

No ciclo 0-3, ademais do previsto no punto anterior, as sabas deberán ser de uso exclusivo de cadanseu neno/a (deberán estar identificadas), dobraranse e gardaranse, sen entrar en contacto as duns/unhas coas doutros/as, tras o seu uso, se o berce vai ser utilizado por outro/a neno/a. En calquera caso, manterase unha cadencia máis frecuente no seu lavado.

- O persoal de servizos lavará e desinfectará diariamente os xoguetes susceptibles de seren levados á boca por parte dos nenos e das nenas. (Evitaranse aqueles xoguetes que sexan de materiais que dificulten a súa limpeza).
- No anexo II figura o material mínimo de limpeza con que debe contar o centro

Hixiene persoal

A hixiene das mans é fundamental para evitar a dispersión de microorganismos. O persoal da escola será moi meticuloso á hora de facer o lavado de mans. Igualmente farase especial fincapé no lavado de mans dos nenos e nenas.

Para secar as mans recoméndase papel desbotable, aínda que se poden empregar secadores de aire, que de non ser automáticos accionaranse co cóbado.

Tamén se recomenda reforzar as medidas de hixiene respiratoria, que no caso dos/as nenos/as que xa poidan facelo poderase reforzar a aprendizaxe de tусir ou esbirrar contra un pano ou contra o brazo.



Secarase cun pano desbotable as mucosidades que podan ter os lactantes e nenos/as pequenos/as ao tusir, esbirrar e babear. Tras isto non esquecerse de lavar as mans con auga e xabón.

No momento do cambio de cueiros recoméndase así mesmo usar papel desbotable sobre ás superficies de cambio, desbotándoo posteriormente, aínda que isto non exime da limpeza da superficie.

- ✓ En nenos/as de 0-3 anos, é preciso evitar o intercambio de chupetes, biberóns, e na medida do posible o intercambio de xoguetes que poidan levar á boca.
- ✓ Evitarase que os nenos e as nenas compartan obxectos persoais: coxíns, mantiñas.....
- ✓ Evitarase que durante os momentos de aseo se produzan intercambios de obxectos de hixiene: cepillos dentais, vasos, toallas
- ✓ Evitarase que durante as comidas os nenos e as nenas intercambien cubertos, pratos ou panos de mesa.
- ✓ O uso das toallas de pano queda restrinxido aos momentos de baño, e sempre de uso exclusivo de cada neno ou nena.
- ✓ Sempre que soliciten auga entre as comidas, usaranse vasos de papel ou plástico desbotables, se non se poden lavar inmediatamente os outros.




4. O LAVADO DE MANS NA ESCOLA INFANTIL

Recoméndase que na comunidade escolar se explique, traballe e reforce o lavado de mans como medida básica de prevención desta e doutras enfermidades contaxiosas.

Na poboación infantil hai que incidir de forma especial no lavado exhaustivo e frecuente das mans, así como no uso de panos de papel desbotables.



 <p>1. Molla as mans con auga</p>	 <p>2. Pon o xabón necesario para cubrir todas as superficies das mans</p>	 <p>3. Refrega unha palma coa outra</p>
 <p>4. A palma dereita sobre o dorso esquerdo, entrelazando os dedos e viceversa</p>	 <p>5. Palma con palma, cos dedos entrelazados</p>	 <p>6. Os dorsos dos dedos contra a palma contraria, cos dedos entrelazados</p>



 <p>7. Fai movementos rotatorios o polgar esquerdo, envolvéndoo coa palma dereita e viceversa</p>	 <p>8. Xunta os dedos da man dereita e frega con eles a palma esquerda, con movementos rotatorios cara adiante e cara atrás.</p>	 <p>9. Enxauga con auga</p>
 <p>10. Sécate coidadosamente cunha toalla dun só uso</p>	 <p>11. Usa a toalla para pechar a billa</p>	 <p>12. Agora as mans están limpas</p>

5. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

5.1 - PERSOAS NAS QUE SE CONSIDERA TEÑEN FACTORES DE RISCO DE TER UNHA GRIPE COMPLICADA

(Segundo información subministrada polo Ministerio de Sanidade e Política Social).

Os factores de risco de ter unha gripe complica o son tamén para a gripe común. As persoas que os padezan deben solicitar asistencia médica xa que son susceptibles de tratarse cos medicamentos coñecidos como “antivirais”.

- As mulleres embarazadas, especialmente no segundo e terceiro trimestre.
- Persoas con enfermidades cardiovasculares crónicas (excluíndo a hipertensión).



- Persoas con enfermidades respiratorias crónicas (que inclúe displasia broncopulmonar e fibrose quística e asma moderada grave persistente).
- Persoas con diabetes mellitus tipo I e tipo II con tratamento farmacolóxico.
- Persoas con insuficiencia renal moderada ou grave.
- Persoas con enfermidades do sangue, como hemoglobinopatías ou anemias moderadas ou graves.
- Persoas con asplenia
- Persoas con enfermidade hepática crónica avanzada.
- Persoas con enfermidade neuromuscular grave.
- Adultos e nenos que teñen inmunosupresión (incluída a orixinada polo VIH, fármacos ou receptores de transplantes).
- Persoas con obesidade mórbida (persoas cun índice de masa corporal superior a 40).
- Nenos e adolescentes (menores de 18 anos) que reciben Aspirina a longo prazo e que poderían estar en risco de experimentar a síndrome de Reye logo da infección polo virus da gripe.

5.2 - SIGNOS E SÍNTOMAS DE GRAVIDADE

Nos nenos/as pequenos/as:

- Respiración rápida ou dificultade para respirar
- Cor gris azulada da pel
- Non beber suficientes líquidos
- Non interactuar
- Estar moi irritable

Nos nenos maiores e adultos:

- Dificultade para respirar ou dor no peito
- Cor púrpura ou azul dos beizos
- Ter vómitos e non poder reter os líquidos e ter signos de deshidratación, tales como mareos ao estar de pé, ausencia da micción
- Ter convulsións



6. TELEFONOS DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN

Consellería de Traballo e Benestar

- Secretaría xeral de Familia Benestar:

981 54 56 66

981 54 46 50

981 95 76 88

981 95 70 29

- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

(Só para os centros que dependen do consorcio): **981 568 704**

Consellería de Sanidade

Emerxencias sanitarias: **061**

Para dúbidas e consultas non urxentes: **902 400 116**

Seccións de epidemioloxía:

A Coruña 981 155 835

Lugo 982 292 114

Ourense 988 066 339

Pontevedra 986 885 872



7. ONDE ATOPAR INFORMACIÓN RIGUROSA EN RELACIÓN COA GRIPE A (H1N1)

Portal da Rede de Escolas Infantís de Galicia:

www.escolasinfantis.net

Portal de familias da Secretaría Xeral de Familia e Benestar:

www.familiasgalegas.org

Consellería de Sanidade:

www.galiciasaude.es/gripe

Portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

<http://www.edu.xunta.es/portal/>

Ministerio de Sanidad y Política Social:

<http://www.msc.es/>

Ministerio de Educación:

www.educacion.es

Organización Mundial de la Salud:

<http://www.who.int/es>

Información sobre os casos da nova gripe A no ámbito mundial

OMS:

<http://www.who.int/csr/disease/swineflu/en/index.html>

(Inglés).



Anexo II : Material de hixiene e limpeza

É importante que o centro teña dispoñibilidade do seguinte material:

Para a hixiene persoal:

- ✓ Xabón e xeles hidroalcohólicos (de ser precisos) para a hixiene do persoal
- ✓ Toallas de papel desbotables.
- ✓ Panos desbotables.
- ✓ Papel hixiénico.
- ✓ Cubos con tapa e con apertura a pedal.
- ✓ Bolsas do lixo que poidan pecharse facilmente

Para a limpeza do centro:

- ✓ Xabón ou deterxente normal.
- ✓ Luvas de limpeza.
- ✓ Lixivia.
- ✓ Produtos habituais de limpeza

Material de protección persoal:

- ✓ Mascaras cirúrxicas
- ✓ Batas desbotables
- ✓ Luvas non estériles



Anexo III: Escolas infantís que contan con transporte escolar

As escolas infantís que contan con transporte escolar ou aquelas que utilicen o transporte para algunha actividade, pediránlle ás empresas que cubran este servizo que cumpran coas seguintes medidas hixiénicas:

- ✓ Limpeza con auga e deterxente das superficies interiores de contacto frecuente: pomos das portas, varandas.

- ✓ Dispoñer no propio autobús de panos de papel desbotables e papeleira con bolsa de plástico no seu interior e con tapa con apertura de pedal.

- ✓ Dispoñer de xabón ou, de ser preciso, xel hidroalcohólico, sempre fora do alcance dos nenos e nenas. O xel non se empregará nos nenos e nenas

- ✓ Ventilar o autobús ao principio e ao fin de cada traxecto.